

*Orde do 21 de febreiro de 2006 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso a categorías correspondentes ao grupo II do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.*

## **EDUCADORES**

DISPÓN:

I. Normas xerais.

I.1. Convócase proceso selectivo para o acceso ás categorías do grupo II que figuran no anexo I desta convocatoria.

I.1.1. O número total de vacantes reservadas ao sistema de acceso libre será, para cada categoría, o reflectido no anexo I.

I.1.2. De conformidade coa disposición adicional sétima da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, segundo redacción dada pola Lei 4/1991, do 8 de marzo, e co Decreto 161/2005, do 16 de xuño, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas prazas de persoal laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 (DOG nº 116, do 17 de xuño), do total de prazas reservarase, se é o caso, en cada categoría, o número de prazas que constan no citado anexo I, para seren cuberta/s por persoa/s con minusvalidez con grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

No suposto de que tal/es praza/s non sexa/n cuberta/s por persoa/s coa minusvalidez correspondente, pasará/n a integrarse nas restantes prazas correspondentes ao sistema de acceso libre. Así mesmo, no suposto de que algún dos aspirantes con minusvalidez que se presentase pola cota de reserva de discapacitados superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza, e a súa puntuación fose superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso libre, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso libre.

I.1.3. As prazas sen cubrir das reservadas ao sistema de promoción interna e cambio de categoría acumularanse ao sistema de acceso libre.

I.1.4. A este proceso selectivo seralle aplicable o disposto nos artigos 8 e seguintes do IV convenio colectivo único e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

I.2. Requisitos dos candidatos.

I.2.1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

I.2.1.1. Nacionalidade: ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

I.2.1.2. Idade: ter cumpridos os dezaioito anos e non ter acadado a idade de xubilación.

I.2.1.3. Titulación: estar en posesión ou en condicións de obter o título académico e os requisitos que para cada

categoría figuran no anexo I antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

I.2.1.4. Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

I.2.1.5. Habilitación: non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

I.2.2. Todos os requisitos enumerados nas anteriores bases deberán posuírse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante deste proceso selectivo.

I.3. Solicitudes.

I.3.1. Os que desexen tomar parte neste proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia (anexo II) que será facilitada nas dependencias da Administración da Xunta de Galicia a que se fai referencia na base I.3.2. xunto coa instancia presentarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou pasaporte.

b) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame, expedido pola entidade bancaria correspondente.

Por imperativo legal, de conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia modificada polo artigo 32 da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, polo que se modifica a contía das taxas establecidas para participar neste proceso, deberase aboar previamente en concepto de dereitos de exame o importe das taxas existentes no momento da publicación desta convocatoria no DOG e, se é o caso, os gastos de transferencia correspondentes, utilizando para iso o impreso de autoliquidación sinalado no anexo III.

c) Documento xustificativo orixinal ou fotocopia debidamente compulsada de estar en posesión do título do curso de perfeccionamento de galego, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, para os efectos da exención prevista no cuarto exercicio.

## **II. Concurso-oposición:**

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

II.1. Fase de concurso.

II.2. Fase de oposición:

II.2.1. Exercicios:

a) Primeiro exercicio, de carácter eliminatorio: consistirá en contestar por escrito un grupo de 75 preguntas tipo test con respostas alternativas propostas polo tribunal, que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios elaborados previamente por aquel e relativos ao contido da parte xeral e específica do programa correspondente a

cada categoría.

No devandito test poderán poñerse ata cinco preguntas máis de reserva para o caso de que se anule algunha das mencionadas anteriormente. O tempo máximo para a realización deste exercicio será de dúas (2) horas.

Cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalo obter como mínimo 10 puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar o número de respostas exixido para acadar a puntuación mínima. Para iso terase en conta que por cada tres respostas incorrectas se descontará unha correcta.

b) Segundo exercicio, de carácter eliminatorio, consistirá: b.1. Na resolución de dous supostos prácticos con preguntas tipo test con respostas alternativas, relacionados coas materias relativas á parte específica do programa correspondente a cada categoría ou

b.2. Nunha proba práctica relacionada coas materias relativas á parte específica do programa correspondente a cada categoría.

As modalidades b.1 ou b.2 aplicaranse para cada categoría segundo o fixado no anexo I.

Para a realización deste exercicio disporase dun tempo máximo de tres (3) horas para os supostos prácticos ou, no caso de proba práctica, o sinalado no anexo I.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar a puntuación mínima. Tendo en conta que por cada resposta incorrecta non se descontará ningunha resposta correcta.

c) Terceiro exercicio, de carácter eliminatorio: os aspirantes, no prazo máximo de catro (4) horas, deberán desenvolver por escrito dous temas, obtidos mediante sorteo polo tribunal, un deles, que se elixirá de entre dous, correspondente á parte xeral e outro, que se elixirá de entre dous, correspondente á parte específica do programa de cada categoría.

As contestacións deste exercicio cualificaranse de 0 a 20 puntos, e é preciso para superalo obter como mínimo 10 puntos; corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar a puntuación mínima.

d) Cuarto exercicio, de carácter eliminatorio, constará de dúas probas: Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán para o galego, elixido por sorteo de entre tres textos propostos polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego para o castelán, elixido por sorteo de entre tres textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora. Este exercicio cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter a cualificación de apto. Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de

coñecementos exixidos para acadar o resultado de apto. Os resultados publicaranse unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios.

Estarán exentos da realización do cuarto exercicio os aspirantes que teñan acreditado, xunto coa solicitude, a posesión do curso de perfeccionamento de galego.

**ANEXO I**

| Grupo | Categoría | Total de vacantes | 2º exercicio     | Titulación académica requirida  |
|-------|-----------|-------------------|------------------|---|
| II    | Educador  | 17                | Suposto práctico | Mestre/s, diplomado en educación social ou 1º ciclo da licenciatura de psicología ou pedagogía. |

**ANEXO V**

**-Parte xeral común a todas as categorías.**

Tema 1. O concepto de Constitución. A Constitución como norma xurídica. A Constitución española de 1978.

Principios informadores. Estrutura. A reforma constitucional.

Tema 2. Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais da Constitución española. A súa garantía e suspensión. A participación social na actividade do Estado.

Tema 3. A Coroa e as súas funcións constitucionais. As Cortes Xerais. O Congreso dos Deputados e o Senado. Composición e funcións. O Defensor do Pobo.

Tema 4. O Tribunal Constitucional. Composición e funcións. O Poder Xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial: organización e competencias. O Tribunal Supremo. Os Tribunais Superiores de Xustiza. O Ministerio Fiscal.

Tema 5. A Administración do Estado. Órganos centrais. Órganos periféricos. Os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais. Órganos consultivos da Administración do Estado. O Consello de Estado e outros órganos consultivos.

Tema 6. A distribución territorial do poder do Estado. O Estado das autonomías na Constitución. Procesos de constitución das comunidades autónomas. Estrutura, aprobación e reforma dos estatutos de autonomía. A Administración pública e o dereito. Fontes do dereito administrativo e a súa xerarquía. O valor do costume e dos principios xerais.

Tema 7. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto: suxeito, obxecto, causa, fin e forma. Eficacia e executividade do acto administrativo. Nulidade, anulabilidade e derogación dos actos. Revogación e revisión de oficio.

Tema 8. O procedemento administrativo: concepto e natureza. A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: ámbito de aplicación e principios informadores. Fases do procedemento: iniciación, ordenación, instrución e terminación. Especial referencia ao silencio administrativo.

Tema 9. Os recursos administrativos. Concepto e clases, requisitos xerais. Materia impugnable, lexitimación e órgano competente. Recurso dealzada, reposición e revisión.

Tema 10. A xurisdición contencioso-administrativa. Concepto e natureza. O recurso contencioso-

administrativo. Partes e actos impugnables. Procedemento. Recursos contra sentenzas. Execución de sentenzas.

Tema 11. Contratos administrativos: natureza, caracteres e clases. Elementos: suxeitos, obxecto, causas e forma. Formas de contratación. Contido e efectos dos contratos. Resolución, rescisión e renuncia.

Tema 12. O Estatuto de autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma. O Goberno da Comunidade Autónoma.

Tema 13. A Xunta de Galicia e o seu presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.

Tema 14. A Administración pública da Comunidade Autónoma. O Consello da Xunta. Composición e funcións. Organización e estrutura das consellerías. A Administración periférica da Comunidade Autónoma.

Tema 15. O persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma. Persoal funcionario e persoal laboral. Criterios diferenciadores.

Tema 16. A Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia. Sistemas de acceso. Provisión de postos de traballo. A carreira administrativa. Situacións administrativas dos funcionarios. Dereitos, deberes e réxime disciplinario.

Tema 17. Persoal laboral. O Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Tema 18. Provisión de vacantes, selección e contratación do persoal laboral da Xunta de Galicia. Licenzas, excedencias, beneficios sociais. Incompatibilidades.

Tema 19. O contrato de traballo. Concepto. Natureza. Suxeitos. Capacidade para contratar. Forma. Documentación e proba. O sistema de colocación. As relacións laborais excluídas.

Tema 20. Modalidades do contrato de traballo. Traballo en común e en grupo. O traballo directivo. Contratos formativos: contrato de aprendizaxe e contrato de traballo en prácticas. Contrato de traballo a tempo parcial e de revezamento. A contratación temporal estrutural.

Tema 21. O dereito de representación colectiva do persoal ao servizo das administracións. O dereito de reunión, sindicación e folga. A representatividade sindical: órganos de representación.

Tema 22. As Comunidades Europeas. As liberdades básicas do sistema comunitario. As institucións comunitarias e o seu funcionamento.

Tema 23. As Comunidades Europeas. Natureza, obxectivos e fins. Nacemento e fases da súa evolución. Os tratados orixinais e de modificación.

Tema 24. A contabilidade pública: concepto. Contabilidade preventiva, executiva e crítica. Ingresos orzamentarios, créditos orzamentarios e remanentes de crédito. Devolución de ingresos. Contraído, formalización, intervención.

Tema 25. As contas da contabilidade pública. A planificación contable. Plan xeral de contabilidade pública. Ámbito e contido do plan. Obxectivos. Criterios de valoración.

**\* Temario específico.**

**-Grupo: II, categoría: 6. Educador/a//profesor/a especial.**

Tema 1. O menor como suxeito de dereitos: concepto. Evolución histórica. Lexislación actual.

Tema 2. Inadaptación social infanto-xuvenil: concepto. Factores influentes. Clasificación. Teorías para a súa abordaxe.

Tema 3. Detección de problemas sociais na infancia e na xuventude: instrumentos e técnicas.

Tema 4. A observación de condutas como instrumento de recolla de datos: procedementos de rexistro.

Tema 5. O apoio e a vinculación afectiva: concepto. Desenvolvemento e trastornos; consecuencias e pautas educativas.

Tema 6. Evolución psicolóxica da infancia e a xuventude: estadios e características.

Tema 7. Socialización e desenvolvemento moral no rapaz de 6 a 15 anos. Identidade e roles de xénero.

Tema 8. Crises de identidade e manifestacións psicopatolóxicas na adolescencia: concepto.

Tema 9. Motivación e aprendizaxe.

Tema 10. Habilidades sociais na infancia e xuventude. Modificación de hábitos sociais: concepto e técnicas. Prevención da violencia de xénero.

Tema 11. Técnicas de modificación de condutas.

Tema 12. O grupo: concepto e tipoloxías. Conceptos de liderado. Estrutura. Características.

Tema 13. Condución e animación de grupos: estratexias.

Tema 14. Educación non formal: concepto e tipoloxía. Instrumentos educativos.

Tema 15. O educador social. Concepto, historia e perfil profesional. O educador social de menores en risco: habilidades básicas. Modelos de intervención educativa.

Tema 16. O equipo educativo. Concepto. Características. Toma de decisións.

Tema 17. Delincuencia xuvenil: concepto, factores influentes e tratamentos.

Tema 18. Programación educativa: formulación de obxectivos. Organización e desenvolvemento de actividades formativas e educativas.

Tema 19. Programas de atención directa a menores en situación de risco: concepto, ámbitos de actuación, elementos que o integran.

Tema 20. Proxectos socio-educativos: definición. Elementos. Xestión e estratexias. Aplicación do principio de mainstreaming.

Tema 21. Modelo de investigación-acción: aplicación ao tratamento de menores.

Tema 22. A avaliación de programas e proxectos: concepto. Técnicas e instrumentos.

Tema 23. Educación permanente de adultos.

Tema 24. Papel da educación de adultos na dinámica social. Canles da educación de adultos: canles de educación non institucionalizada; canles de educación institucionalizada. O libro branco sobre a educación de adultos. O adulto ante o proceso educativo. Motivacións dos adultos para a súa incorporación a un proceso educativo: necesidades laborais; promoción social. Necesidade de información para a resolución de problemáticas concretas. Capacidades e aptitudes do adulto para a aprendizaxe.

Tema 25. A planificación na educación de adultos. Aspectos do ensino con adultos: dimensión psicodidáctica e caracterización do adulto. A aprendizaxe do adulto. Educación de adultos e cambio social. Dinámica de socialización e educación do adulto.